



C O N C E L L O  
D E  
FORNELOS DE MONTES  
(PONTEVEDRA)

## BANDO

### MEDIDAS DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES ANTE A CRISE SANITARIA DO CORONAVIRUS DURANTE AS OBRAS DE MELLORA DA PRAZA DA IGREXA E RUA DAS ESCOLAS

A epidemia do COVID-19 supón unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional que obriga á adopción de diversas medidas por parte do Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a propia Administración Local.

En consecuencia, o Concello de Fornelos de Montes aproba as seguintes medidas de aplicación **a partires do mércores 20 de maio e ata novo aviso:**

- Desde o inicio das obras de Mellora da praza da igrexa e Rúa das Escolas, previsto para os próximos días, pecharase ao tráfico rodado de vehículos particulares a rúa das Escolas, para facilitar o traballo dos operarios.
- A colocación de mesas e cadeiras nos establecementos abertos ao público deberán respectar escrupulosamente a distancia de dous metros establecida polos responsables do Estado de Alarma. Nas beira rúas e pasos de cebra deberá quedar unha distancia mínima de dous metros para o paso dos peóns, podendo o Concello eliminar temporalmente prazas de aparcamento para dito fin.
- A partir do 25 de maio de 2020 as oficinas do Concello de Fornelos de Montes atenderán ao público. Para posibilitar que se respecten as distancias de seguridade, deberá solicitarse cita previa, telefonicamente chamando ao teléfono 986 76 84 09.

Fornelos de Montes, 19 de maio de 2020.  
O ALCALDE  
Emiliano Lage Rodríguez

